



# CARACTERÍSTICAS DOS XACEMENTOS CON GRAVADOS RUPESTRES LOCALIZADOS NO SUR DA PROVINCIA DE LUGO

Begoña González Aguiar

---

---

## Introdución

O territorio interior de Galicia proporciona unha importante fonte de información para o estudo da dispersión dos gravados prehistóricos na rexión. Os datos recompilados nesta área, xunto cos das áreas do litoral, manifestan a existencia de sitios arqueolóxicos destas características en todo o territorio galego. En concreto, en Lugo, tras varios traballos de investigación emprendidos na zona (Rodríguez Rellán *et al.* 2008: 35-61; Ortiz Sanz, J. *et al.* 2011: 115-120; González Aguiar 2011: 123-140) o número de xacementos atopados multiplicouse ao longo das últimas décadas. Aínda así, as intervencións seguen sendo escasas e a información limitada, quedando, a día de hoxe, grandes áreas por estudar.

Neste artigo analizaremos os casos máis salientables das comarcas do sur de Lugo, recollidos durante a realización do proxecto *Estudo da arte rupestre no sur da provincia de Lugo* (Código SXP: ED 102A 2014/284-0).

No territorio da Ulloa localízanse xacementos rupestres en Antas de Ulla e, en menor número, en Palas e Monterroso; a comarca de Chantada conta con xacementos nos municipios de Carballedo e Chantada; Terras de Lemos presenta unha importante mostra en Sober, tamén en Pantón e, en menor medida, no Saviñao; e finalmente, Quiroga posúe só un sitio arqueolóxico con gravados, localizado na montaña, a máis de mil metros de altura. Entre todos eles suman máis dunha centena de sitios con gravados rupestres, dos cales escollemos os máis destacados para a súa divulgación a través do presente artigo.

A pouca bibliografía existente, mailos datos facilitados polo Servizo de Arqueoloxía da Xunta, vaticinaba resultados de gran contraste entre uns e outros municipios. Contabamos con traballos realizados nos concellos de Antas de Ulla e Sober (García Martínez 1969/70; González Reboledo 1976; Costas Goberna *et al.* 1993/94, Rodríguez *et alii* 2008), onde se atopan as maiores concentracións de gravados da provincia. Na cara oposta sitúanse Portomarín e Taboada onde, até o momento, non hai rexistro deste tipo de manifestacións.

## Localización

A zona de estudo está delimitada por varios accidentes xeográficos destacados que, do mesmo xeito que a conforman, tamén cremos que exerceron unha influencia determinante nos hábitos dos nosos devanceiros. Aqueles son os ríos Miño e Sil xunto cos seus afluentes, as serras do Courel e o Faro e a gran depresión do Val de Lemos. Todos eles configuran o territorio meridional lucense, contrastando zonas deprimidas localizadas a 360 m.s.n.m. con outras con cotas superiores, a 1.000 m.s.n.m. nas serras centrais e por riba dos 1.600 m.s.n.m. nas orientais.

O monte Faro forma parte da Dorsal Galega, elemento xeográfico que puido funcionar como delimitador dos territorios prehistóricos. Nesta serra existían conexións entre o interior e o litoral a través dunha importante vía de tránsito sentido leste-oeste (Rodríguez *et alii* 2011); sendo, con todo, moito maior a zona pechada pola cadea montañosa que a aberta, mediante os camiños que a atravesaban. A Dorsal tamén era unha fronteira estilística; ao oeste da mesma, nas provincias atlánticas, o repertorio tipolóxico enriquecese con representacións abstractas e naturalistas, mentres que ao leste só se coñecen motivos abstractos. Un exemplo deste fenómeno atopámolo na dispersión dos motivos de armas da Idade de Bronce, os cales se distribúen dende a costa ata a ladeira occidental da Dorsal. É a partir desta referencia, onde desaparecen este tipo de figuras, ao internarse na provincia de Lugo (Fábregas Valcarce 2005: 253-270). Quizais, este feito mude co aumento das investigacións, pero ata o momento permanece inalterable.

Falar deste espazo obríganos a referirnos á litoloxía da área estudada. Os primeiros traballos, principalmente os centrados na provincia de Pontevedra, apuntaban a que o soporte granítico era *conditio sine qua non* para a realización dos gravados prehistóricos. Esta afirmación anúlase a medida que aumentan as investigacións e saen á luz rochas de gneis, xisto e lousa, materiais predominantes nas áreas centrais e orientais de Galicia. Este feito amosa que a importancia do soporte está na súa situación, e non na súa composición. Nas comarcas localizadas entre a Dorsal e o río Miño o material predominante é o granito, alcalino e calcoalcalino; o xisto aparece na zona máis meridional. E, namentres, o territorio de

Terras de Lemos presenta unha ampla área de lousa, cunha franxa de granitos calcoalcalinos e outra de xisto que atravesa os concellos do Saviñao e Pantón.

## Xacementos representativos do sur da provincia

Neste apartado abordamos os xacementos que, polas súas particularidades, son considerados representativos de cada comarca. Aínda que o criterio a seguir é principalmente tipolóxico, tamén reparamos na localización e na morfoloxía dos soportes que os configuran. Cabe sinalar que neste estudo son incluídos os gravados inéditos que foron catalogados ao longo destes últimos anos de prospeccións na zona<sup>1</sup>.

Os motivos prehistóricos de tipo abstracto rexistrados no interior de Galicia son combinacións circulares, sucos, reticulados, espirais e coviñas. Estas últimas son, sen dúbida, as figuras máis abundantes e representativas, cuxa presenza se prolonga considerablemente no tempo. En concreto, as coviñas medievais son asociadas ás delimitacións xeográficas, os chamados petróglifos de "termo". Estas soen disporse xunto con cruces e ferraduras.

### *Petróglifos de Penas dos Chaos, San Fiz de Amarante (Antas de Ulla-A Ulloa)*

Na parroquia de San Fiz de Amarante atópase o lugar de Pena Malvís, situado a 620 m.s.n.m. A vexetación do entorno é monte baixo, toxo e carqueixa, e pasteiro. Nesta área catalogáronse os afamados Petróglifos de Penas dos Chaos e de San Fiz. Nas inmediacións destes últimos, localizamos varios soportes con coviñas.

Este espazo, dotado de cinco paneis, presenta unha serie de características que o converten en "sitio arqueolóxico con gravados rupestres". Un sitio defínese como a agrupación de soportes pétreos nun espazo cuxa localización está asociada a unidades

---

<sup>1</sup> Os xacementos inéditos foron incorporados ao catálogo do Servizo de Patrimonio da Xunta de Galicia.

---

xeofísicas específicas que destacan no territorio (Berenguer 1987; Troncoso 2006; Valenzuela 2012). Para nós son parte dun todo e, por elo, a lectura do espazo, ao igual que a nomenclatura dos soportes, lévase a cabo mediante unha análise xeral. Todas as rochas pertencen ao sitio arqueolóxico Penas dos Chaos. Evitamos así confusións que observamos entre o catálogo do Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia e traballos publicados (Costas Goberna *et alii*, 1993/94)<sup>2</sup>.



Figura 1. Mapa de Pena Malvís coa localización dos cinco paneis de Pena dos Chaos.

O lugar está dotado de alta visibilidade; dende este punto o espectador obtén unha ampla panorámica do municipio. Do mesmo modo, as rochas nas que se dispoñen os paneis con gravados destacan polo seu tamaño e forma, e dicir, son moi perceptibles a gran distancia, ao mesmo tempo que se conectan visualmente entre elas. Polo tanto, semella que a visión dende e do sitio con gravados foi considerada polos seus executores.

---

2 No traballo realizado por estes autores "Los grabados rupestres de Pena dos Chaos y Pena da Moura en San Fiz de Amarante (Antas de Ulla)" en *Brigantium* 8, A Coruña, 1993/94: 263-273, apreciamos un erro na denominación do petróglifo Pena dos Chaos II. Se comparamos os datos de dito artigo coa ficha de patrimonio observamos que non coinciden, posto que o suposto Chaos II de Costas Goberna *et alii* é en realidade San Fiz II.

Outra característica é a súa situación nunha zona propensa a anegarse; de feito esta particularidade fixo que nos meses de choiva fose complicado acceder a ela, e que, tamén, atopásemos varias construcións para o aproveitamento de augas fluviais. A vinculación de zonas húmidas coa presenza de gravados rupestres é un tema recorrente en numerosos estudos (González 2011; Costas Goberna *et alii* 1998; etc.).

O panel 1 de Penas dos Chaos (587.896X-4.735.346Y) é o que presenta maiores dimensións. Trátase dun afloramento granítico a rente do chan duns 13 metros de lonxitude norte-sur por 5 metros de ancho este-oeste. Debido ao seu tamaño, a rocha pode ser vista dende a distancia e, sen dúbida, destaca no entorno. Presenta un total de trinta motivos, principalmente combinacións circulares, distribuídas por case toda a superficie da rocha, aínda que son máis abundantes na parte nordeste do panel. Tecnicamente é considerado un dos mellores exemplares da provincia; atopámonos ante un procedemento complexo onde se aproveitaron as características formais da propia rocha para dar maior volume as figuras. O trazo é regular e grosso, alcanzando os 4 centímetros de ancho e, no caso dalgunhas coviñas localizadas no interior de combinacións, os 20 centímetros de diámetro. Ademais, nalgúns sucos puideron observarse varias picadas que inequivocamente foron producidas por un percusor contundente, capaz de afondar significativamente no granito.

Próximo ao anterior, sobre unha lixeira elevación, achamos un conxunto rochoso onde se dispoñen os paneis 2 e 3 de Penas dos Chaos, ámbolos dous con 5 metros este-oeste por 3 metros norte-sur (587.900X-4.735.556Y) e 8 metros este-oeste por 2 metros norte-sur (587.899X-4.735.561Y) respectivamente. O primeiro localízase na parte superior dunha das rochas e conta con seis motivos abstractos, un dos cales manifesta un complicado tramado de liñas que enlaza cinco combinacións circulares, creando así un único motivo de gran laboriosidade.



Figura 2. Reprodución en 3D do panel 2 de Penas dos Chaos. Autor Alex Negreira.

Pola contra, o panel 3 dispónse a rente do chan e parcialmente oculto polo sedimento. Por toda a súa superficie distribúense dezoito figuras con certa variedade tipolóxica, entre as que destacan catro trevos de tres follas, formados por tres coviñas delimitadas por un suco que, nalgúñas, tamén se prolonga a modo de talo. Porén, os motivos non presentan unha técnica tan elaborada como nos paneis antecesores; os sucos son menos profundos e grosos, resultando máis difíciles de percibir.

Ao sur do sitio arqueolóxico están o panel 4 (587.948X-4.735.084Y) e o panel 5 (587.968X-4.735.159Y). O primeiro, tamén denominado San Fiz I, alcanza 5,3 metros este-oeste por 3,1 metros norte-sur. Nel represéntanse cinco figuras, entre elas un trevo, localizadas na parte suroeste do panel. O panel 5 (San Fiz II) por mor das accións antrópicas veu reducido o seu tamaño orixinal a 4,2 metros este-oeste por 2,84 metros norte-sur. Contén oito gravados, principalmente combinacións circulares. Estes dous conxuntos amosan paralelismos tanto técnicos como estilísticos co panel 3, feito que nos leva a pensar nunha execución coetánea dos mesmos.

#### *Petróglifos de Campo da Uz, Santa Cristina de Areas-Antas de Ulla (A Ulloa)*

O sitio arqueolóxico localízase na freguesía de Santa Cristina de Areas, ao pé do Farelo; concretamente, nos montes do Seixo e da Gurgulla<sup>3</sup>, situados entre os 755 m.s.n.m. e os 810 m.s.n.m., altura que proporciona un amplo dominio visual sobre o territorio. A vexetación predominante é monte baixo: toxo, xesta e carqueixa, aínda que tamén achamos áreas de asolagamento que propician o crecemento de bo pasto, fenómeno que da lugar á practica de gandaría extensiva en semiliberdade.

Os soportes con petróglifos de Campo da Uz son un total de doce e que, xunto co Petróglifo Chan da Gurgulla, son mostra da alta concentración de gravados na zona. Ademais, a escasos metros de Campo da Uz está o castro da Somoza e, relativamente próximos, están os petróglifos e as mámoas de Monte Queimado e Ermide.

<sup>3</sup> Os gravados aquí localizados xa foron catalogados e analizados en profundidade polo equipo do GEPN-AAT mediante un estudo de impacto a raíz de construción do Parque eólico da Serra do Farelo. <https://gepn.jimdo.com/>

## LAXE FERRADA



Figura 3. Calco do panel 1 de Campo da Uz (Laxe Ferrada), Antas de Ulla. Autor Carlos Rodríguez Rellán.

As rochas estudadas son granitos alcalinos, material predominante na Ulloa. Entre os paneis destacados atopamos o panel 1, denominado Laxe Ferrada (587.887X-4.733.186Y), o panel 11 (587.719X-4.733.541Y) e o panel 13, Chan da Gurgulla (588.175X-4.732.816Y). Todos eles son petróglifos que poderíamos denominar monumentais; e dicir, grandes rochas que destacan no entorno ao redor das cales se dispoñen, en ocasións, outras de menor tamaño asociadas a elas (Criado *et alii*, 2016).

O panel 1, Laxe Ferrada, presenta 20 metros de longo este-oeste por 9 metros de ancho norte-sur; non posúe moita altura, pero si unha lixeira inclinación que fai máis visibles os motivos, malia que moitos deles se atopan degradados pola erosión. Laxe Ferrada é o panel analizado con maior diversidade tipolóxica no sur lucense; son trescentas dez figuras: setenta e catro coviñas, vinte e seis combinacións circulares, catro sucos, trinta e dous círculos simples, dezaioito cruciformes, dous antropomorfos, un alfabetiforme,

tres aves, cento corenta e cinco ferraduras e cinco indeterminados. Só os motivos abstractos pertencen á época prehistórica, os demais practicáronse no medioevo e no século XX (Rodríguez *et alii* 2008: 43).

O panel 11 é o de maiores dimensións, con 30 metros de longo este-oeste por 15 metros de ancho norte-sur. A diferenza dos demais, presenta na metade sur unha forte inclinación que provoca, de maneira natural, dous espazos con gravados ben diferenciados: un en sentido horizontal e outro vertical. No primeiro concéntranse as figuras abstractas, coviñas e combinacións circulares, mentres que as ferraduras e cruciformes o fan no vertical. É o soporte con maior número de cruces analizado no sur de Lugo, cun total de cincuenta e seis de diversas tipoloxías: grega, latina, inscrita nun círculo, potenziada e de Lorena.

Neste panel podemos diferenciar dous períodos na realización de gravados: un prehistórico, no que se empregaría a parte superior e vertical do soporte, e



outro histórico, no que se practicarían os motivos figurativos na superficie vertical, dotada de forte desnivel.

O panel 13, Chan da Gurgulla, con 14 metros de longo norte-sur por 8 metros de ancho este-oeste, localízase a unha cota de altitude lixeiramente inferior ás demais. O soporte granítico destaca na paisaxe polas súas dimensión e por situarse ao pé do camiño polo que se accede ao Farelo e, tamén, ao carón do sendeiro que conduce ao castro da Somoza.

Conserva cento corenta e oito figuras, das cales cento trece son coviñas, tres elipses, vinte dúas combinacións circulares, unha espiral, tres sucos e seis círculos simples. Os motivos distribúense por toda a superficie da rocha, que se atopa a ras de chan na cara norte. Concretamente, nesta parte é onde se dispoñen a totalidade das combinacións circulares, algunhas superpostas ou integradas nos sucos das outras.

Pola contra, na cara oposta gravaron a maior parte das coviñas (93,8%) o que nos leva a pensar na diferenciación intencionada de dous espazos tipolóxico-simbólicos dentro dun mesmo soporte, sendo realizados, neste caso, nun único período cronolóxico.

Cabe sinalar que os paneis mencionados no sitio arqueolóxico de Campo da Uz atópanse flanqueados e conectados visualmente con outros de menor envergadura, cuxos motivos non presentan a variedade tipolóxica ou calidade técnica dos anteriores. Non obstante, todos eles serían froito dos mesmos executores que, dalgún modo, delimitaron o perímetro de Campo da Uz mediante a disposición de gravados nas rochas.




Figura 4. Mapa do monte Seixo coa distribución dos paneis de Campo da Uz.

#### *Petróglifos de Ermide, Santa Cristina de Areas-Antas de Ulla (A Ulloa)*

Próximos ao lugar de Ermide, en Santa Cristina de Areas, atópase o sitio con gravados de Ermide (588.128X-4.734.005Y) conformado por dous paneis. Disponse sobre unha pronunciada pendente, a 715 m.s.n.m., pola que transcorre un tributario do rego Amarante. A vexetación circundante é basicamente arbustiva.

O alto grao de visibilidade que se obtén dende o lugar, principalmente das áreas localizadas ao Nordeste, contrasta coa escasa perceptibilidade dos soportes dispostos a ras de chan ou pouco elevados, que apenas son perceptibles no entorno inmediato.




Figura 5. Mapa coa localización dos paneis de Ermide.

Trátase de dúas rochas graníticas de considerable tamaño. O panel 1 presenta 6 metros este-oeste por 7 metros norte-sur, con oito figuras, a maioría combinacións circulares cun apéndice ou anexo algo máis complexo. A erosión rebaixou considerablemente o suco na maioría dos motivos, cuxa profundidade oscila de 0,3 a 0,5 centímetros. A situación da laxa sobre a ladeira favorece as escorreduras na época de chuvias e o incremento da erosión natural da rocha.



Figura 6. Panel 1 de Ermide, reprodución mediante calco dixital.

O panel 2 forma parte dun penedo de 4,90 metros na cara norte-sur e 2,90 metros na cara oeste-leste, parcialmente cuberto pola vexetación. A pena presenta unha moderada inclinación que propicia a visualización dos motivos, pero, tamén, que as escorreduras erosionen con maior facilidade a rocha e os gravados.

O panel conta con tres figuras, todas conxuntos circulares con coviña central. O motivo mellor conservado é o que presenta maior diámetro, uns 70 centímetros, con cinco aneis e unha coviña central da que xorde un suco ou apéndice de 55 centímetros. Unha das dúas restantes semella incompleta, ao estar dotada de tres semicírculos que posiblemente foran aneis borrados pola erosión; a terceira posúe catro círculos e dous apéndices, de aproximadamente 40 centímetros, que parten dunha coviña central.

*Petróglifos do Monte Fabeiro e do Cotillón, A Cova-Carballedo (Chantada)*

A continuación, desprazámonos ao sur, á freguesía da Cova no municipio de Carballedo, onde localizamos tres rochas con gravados rupestres situadas nos montes Fabeiro e Cotillón. Trátase de soportes de gneis dispostos sobre unha leve pendente que vaticina o inicio dun forte descenso cara o río Miño. A vexetación predominante é monte baixo, toxo e carqueixa, e arboredo de repoboación.




Figura 7. Mapa coa localización dos paneis do monte do Cotillón, A Cova-Carballedo.

O xacemento do Monte do Cotillón (603.845X-4.706.170Y) está flanqueado por dous regatos que descenden cara o Miño. Posúe dous soportes de gneis con gravados na súa parte superior. O panel 1 do Monte Cotillón presenta 2 metros nortesur por 1,20 metros de leste a oeste. Os gravados localízanse na cara horizontal do panel, que posúe unha lixeira inclinación. Trátase de trece combinacións circulares unidas por sucus que, xunto con catorce coviñas, cinco círculos simples e unha elipse, cobren por completo a superficie. A tres metros do soporte anterior dispónse o panel 2, cuxos motivos son difíciles de visualizar á luz do día ao estar gravemente erosionado. O soporte segue a inclinación do terreo, o que favorece o lavado e o conseguinte deterioro dos motivos e da propia rocha polas augas pluviais. Presenta nove combinacións circulares de diversos tamaños e nove círculos simples con coviña central.




Figura 8. Reprodución en 3D do panel 2 Monte do Cotillón. Autor Alex Negreira.



---

A menos dun quilómetro do anterior sitúase o sitio arqueolóxico Monte Fabeiro (604.244X-4.705.368Y), composto por un único soporte. A rocha forma parte dunha banda de gneis que, do mesmo modo que as anteriores, se dispón norte-sur, paralela ao afluente. O panel, de 3,20 metros norte-sur e 1 metro este-oeste, localízase na cara sueste da rocha. Consta de varios círculos concéntricos unidos mediante un tramado de sucos, conformando, así, un só motivo de gran complexidade estilística. Na cara norte, separadas por unha diáclase, dispóñense dúas espirais. Estas son un motivo pouco frecuente na zona de estudo, só observado en Carballedo e en Antas de Ulla.



#### *Petróglifo de Leira Rapada, Vilatán-O Saviñao (Terras de Lemos)*

Situado na cara nordeste do castro de Leira Rapada, trátase dun sitio arqueolóxico (609.378X-4.718.430Y) inédito e de considerable interese. Localízase nunha ladeira de acusada pendente, a unha altitude de 570 m.s.n.m., próxima ao rego do Saviñao e nunha zona de arboredo de ribeira con alta presenza de carballos.

O panel dispónse sobre unha gran rocha granítica asentada sobre outras dúas de considerable tamaño. Aínda que o sedimento cubriu parcialmente a agrupación, obsérvase un espazo inferior de 0,90 metros de altura cuxa finalidade descoñecemos. Polo seu aspecto, varios arqueólogos locais opinan que se trata dunha cámara funeraria ou abrigo, non obstante, a falta dun estudo exhaustivo, dita teoría non se mostra unánime.

Figura 9. Mapa coa localización do panel de Leira Rapada, Vilatán-O Saviñao.

O panel con gravados mide 3,36 metros na cara oeste-leste por 3,10 metros na cara norte-sur. Os motivos dispérsanse por toda a parte exterior e superior do soporte, de curvatura convexa. Son un total de catro círculos concéntricos de gran tamaño, con coviña central e apéndice, cuxo diámetro varía de 84 a 113 centímetros e o número de aneis de catro a seis. Posúen escasa profundidade, 0,2 e 0,3 centímetros, o cal dificulta a súa visualización á luz do día. Pódese apreciar que dúas das figuras de maior tamaño aparecen superpostas, froito, quizais, dun mal cálculo á hora de realizar os últimos aneis dun dos conxuntos.



Figura 10. Conxunto de rochas de Leira Rapada, na superior localízase o panel.

Ata que non se realice unha intervención intensiva en Leira Rapada descoñeceremos a súa funcionalidade en época prehistórica. Existen diversas hipóteses sobre a súa funcionalidade: funeraria, como abrigo de feitura natural ou “lenzo” sobre o cal se dispoñen os gravados. Nesta última posibilidade, a súa función unicamente estaría vinculada ao panel rupestre.

Cabe reflexionar que, se a primeira opción é a correcta, atopariámonos ante un túmulo con gravados. Se ben, os motivos presentan dúas peculiaridades que merecen ser reflectidas e analizadas:

1) As representacións localízanse na cara externa da rocha que coroa o conxunto, ocupando toda a superficie útil do panel; cando, polo xeral, os motivos megalíticos distribúense na cara interior dos ortostatos que compoñen a cámara e non na exterior.

2) As figuras gravadas en Leira Rapada son combinacións de círculos concéntricos, restrinxidas aos asentamentos ao ar libre, e non os gravados habituais deste tipo de vestixios funerarios, cun repertorio esquemático baseado en liñas ondulantes, zigzags, etc. (Bueno y Balbín 2000).

Daquela, se realmente Leira Rapada fora un túmulo, é moi probable que os seus gravados non se realizasen sincronicamente á cámara funeraria, senón cando esta xa perdera a súa funcionalidade orixinal. Por outra banda, se Leira Rapada fora un abrigo natural, compartiría características con outros exemplos estudados na provincia de A Coruña por Fábregas y Rodríguez (2012). Tamén nestes, os recintos presentan un tamaño reducido, onde é difícil permanecer de pé ou incluso agachado, dado que son cavidades vinculadas ao ámbito ritual e non ao doméstico.

Os abrigos albergaban audiencias limitadas (Bradley 2009: 120; Fábregas y Rodríguez 2012: 88) e atopábanse marcados con representacións semellantes ás de Leira Rapada que, neste caso, si serían coetáneas ao momento de máxima utilización do espazo. Con todo, na maioría dos casos os motivos sitúanse no interior das cavidades, no chan ou na parte baixa, ignorando as zonas medias e altas. Os escasos abrigos con gravados no exterior, restrinxen a súa disposición ás zonas baixas do soporte. (Fábregas y Rodríguez 2012). Leira Rapada afástase deste patrón, situando as representacións só no exterior e na parte máis elevada. Por conseguinte, a falta dunha análise integral, non dispoñemos dunha resposta fiable acerca do uso deste sitio arqueolóxico.

#### *Petróglifo da Pena Forcada, Siós-Pantón (Terras de Lemos)*

O sitio de Pena Forcada (614.857X-4.706.438Y) sitúase sobre un rechán do monte Chao, a 365 m.s.n.m., na freguesía de Siós, en Pantón. Linda coa de Espasantes, que conta con tres sitios con gravados; por iso, é posible que o número de xacementos achados aumente en ámbalas dúas parroquias. De feito, nas proximidades de Pena Forcada observamos varias rochas gravadas con dúas e tres coviñas. Volvendo ao petróglifo que nos ocupa, trátase dun sitio arqueolóxico con gravados inédito e o primeiro descuberto nesta freguesía.




Figura 11. Localización do panel Pena Forcada no relevo do monte Chao.

O soporte, granítico e actualmente fracturado, posúe 2,30 metros norte-sur e 1,60 metros leste-oeste. Presenta dezanove coviñas distribuídas maioritariamente pola cara sueste, cuxo diámetro oscila entre 4 e 6 centímetros e a profundidade entre 0,2 e 2 centímetros.

Localízase nunha pradería na que se realizan labores agrícolas con uso de maquinaria, posible causante, esta última, da mencionada fractura e do lixeiro desprazamento da rocha do seu lugar orixinal. De feito, tivemos ocasión de achegarnos tralo arado da finca e descubrimos un canto rodado a dous metros do panel que, quizais, poda asociarse como ferramenta empregada na factura dos gravados. O lítico non só é alóctono do lugar, senón que a forma de varias das súas caras encaixa perfectamente coas semiesferas gravadas.



Figura 12. Canto rodado atopado nas inmediacións do panel de Pena Forcada, Siós-Pantón.

A rocha empregada como soporte posúe unha superficie irregular e con alta presenza de cuarzos que dificultarían ou, cando menos, condicionarían o traballo de gravar. Chama a atención que na zona abunden numerosas rochas graníticas dotadas de forma regular, que semellan máis aptas para gravar que a seleccionada. Todo isto pode remarcar a importancia do lugar onde se practican as insculturas, relegando a variable do soporte a un segundo plano. Ademais, Pena Forcada localízase a varios metros do marco que separa as parroquias de Pantón e Siós, característica habitual dos denominados petróglifos delimitadores.

#### *Petróglifo do Regueiro/Tapado do Monte, Anllo-Sober (Terras de Lemos)*

O concello de Sober é coñecido neste eido pola abundancia de sitios con gravados rupestres que, cada ano, se ven incrementados pola saída á luz de novos xacementos. O lugar do Regueiro (611.694X-4.699.042Y) localízase en Anllo; nas súas proximidades atópase o río Cabe, afluente do Sil, o cal propicia un clima suave e con poucos contrastes. O incremento dos bosques de repoboación na zona fixo que a paisaxe mudara a piñeiros, aínda que conserva carballos e castiñeiros.

O Regueiro posúe só un soporte, de 10,7 metros norte-sur e 4,60 metros este-oeste, composto de xisto con vetas de cuarzo, onde se dispoñen os gravados; aínda que semella que a rocha se compón de dous paneis interpretativos, orientados un cara ao norte e outro ao sur. Esta posibilidade corrobórase ao analizar as figuras que se dispoñen en ámbolos dous espazos: cruces (sector meridional) e motivos circulares (sector setentrional).




Figura 13. Mapa coa localización do panel do Regueiro.

Consta dun total de corenta e sete figuras: dezanove coviñas, oito combinacións circulares, dous sucos, dous reticulados, tres círculos e trece cruciformes. As coviñas son os motivos máis abundantes e os máis sinxelos de elaborar. Tamén se poden atopar formando parte de composicións máis complexas, como no interior de círculos, algúns concéntricos e, incluso, nos extremos dalgunhas cruces.



Figura 14. Sector norte do panel do Regueiro, Anllo-Sober.

As combinacións circulares son maioritariamente simples, cun ou dous círculos con coviña central. Non obstante, destaca unha figura complexa, composta por unha combinación de dous círculos concéntricos con coviña central da que xorde un suco, na parte norte, que se une a unha trama de novos sucos que conforman unha especie de retícula.

Os cruciformes son todos de tipo grego, os brazos presentan case o mesmo tamaño, con diferenzas de escasos centímetros. Xunto ás anteriores, tamén documentamos varias cruces inscritas en círculos.

A rocha presenta abundante lique, principalmente na zona norte, que lle confire unha textura e cor allea á natural. Ademais tamén se aprecian alteracións antrópicas relativamente recentes para remarcar os sucos, acción que, por desgraza, se observou nalgúns gravados ao longo do noso traballo de investigación.



---

*Petróglifos Penas de Proendos, Proendos-Sober (Terra de Lemos)*

Preto da capital do concello atópase a freguesía e lugar de Proendos, onde existe unha alta concentración de rochas con gravados rupestres. De novo, ao falar dun mesmo sitio arqueolóxico, analizamos os paneis conxuntamente, coa mesma nomenclatura, e integrados nun espazo concreto.

Estes petróglifos son unhas das manifestacións máis temperás da parroquia, completada cun castro e un xacemento romano, que ocupan unha área xa delimitada anteriormente polos gravados rupestres. No mapa podemos verificar a gran concentración de paneis nunha área relativamente pequena. De feito, ao norte e sur deste lugar, hai dúas referencias máis a rochas con gravados (petróglifos das Tapias e das Tercias), cuxa localización exacta a día de hoxe descoñecemos, ao estar completamente cubertas polo sedimento.




Figura 15. Mapa coa localización dos oito paneis de Penas de Proendos, Proendos-Sober.

Destacan o panel 1, tamén chamado Pena do Xestal I (616.522X-4.700.991Y), e o panel 2, Pena do Xestal II (616.476X-4.700.992Y), formado por dous soportes graníticos de grandes dimensións, parcialmente cubertos pola capa vexetal. O panel 1 está disposto a ras de chan e presenta 4,7 metros este-oeste e 2,8 metros norte-sur. Na actualidade atópase dividido por un muro que, xunto coa vexetación que o recobre,

só deixa visible parte dos gravados que posúe. Son un total de trinta e tres figuras: vinte sete coviñas e seis combinacións circulares, compostas por tres, catro e cinco aneis, coviña central e apéndice. A figura que posúe maior número de círculos alcanza os 64 centímetros de diámetro. Dende a súa coviña central xorden varios sucos, un deles remata noutra coviña localizada no exterior da combinación e os demais adoptan dúas peculiares formas triangulares na cara oeste.



Figura 16. Combinación circular do panel 2 de Penas de Proendos (Pena do Xestal II), Proendos- Sober.

O panel 2 localízase sobre unha gran rocha granítica dun metro de altura e amosa o motivo máis complexo do lugar. Trátase dunha combinación de oito aneis cunha coviña central que alcanza os 90 centímetros de diámetro e unha profundidade máxima de 0,8 centímetros. Varios dos círculos concéntricos presentan coviñas dispostas sobre a mesma liña da circunferencia.

Ao norte das anteriores está o panel 3, Pena do Pombal (616.511X-4.701.126Y), disposto nunha pena granítica sobre a que se construíu un pombal. Posúe nove motivos, entre os que cabe destacar unha combinación circular formada por tres aneis con coviña central.



Ao leste, o panel 4, Lagos I (616.568X-4.700.792Y) e o panel 5, Lagos II (616.947X-4.700.999Y), mostran só coviñas e liñas, coincidindo nisto co panel 6, Pena do Cabalo (617.063X-4.701.285Y), e co panel 8, Quinteiros (616.215X-4.701.090Y), atopado recentemente ao carón dunha vivenda.

As formas xeométricas do panel 6 dispóñense cun aparente aspecto equino, curiosidade á que fai referencia o nome que se lle asignou a este petróglifo. Finalmente, o panel 7, denominado Pedride (617.042X-4.701.248Y), presenta dúas coviñas e unha "phi", alfabetiforme que confirma a cronoloxía tardía do mesmo.




Figura 17. Calco dixital do panel 6 de Penas de Proendos.

### Análise técnica dos gravados

A principal fonte de información á hora de estudar a tecnoloxía rupestre son os sucos que configuran os motivos. Mediante a súa análise macroscópica podemos achegarnos ás técnicas que foron empregadas polos seus artífices para obter o gravado final.

As técnicas máis utilizadas son a abrasión e a percusión directa, aínda que non desbotamos o uso da percusión indirecta, mediante un percusor e un punteiro. Tamén a incisión se podería empregar para a realización de esbozos mediante leves liñas na superficie, que sinalarían a forma do futuro motivo.

Ao longo destes anos de investigación, observamos que o seu trazado é máis irregular do que nun principio críamos e que existen erros como superposicións ou asimetrías propiciadas, principalmente, por un mal cálculo do espazo dispoñible no panel e do tamaño da figura. Un exemplo témolo no petróglifo do Regueiro, onde as vetas e a forma do soporte de xisto dificultou a realización dos gravados. De feito, nunha das combinacións circulares o anel exterior foi transformado nun óvalo irregular por non ter espazo suficiente para a correcta disposición da circunferencia. Nunha parte deste mesmo anel-óvalo, o suco amplíase considerablemente, evidenciando un erro froito da desviación da ferramenta lítica ao impactar na superficie da rocha. A irregularidade do suco débese, principalmente, á técnica de percusión pola cal, tras numerosos picados no soporte, se produce o esconchado dos bordes do gravado. Este efecto obsérvase nos aneis das combinacións circulares e en calquera suco en xeral. Normalmente, os diversos picados regularízanse mediante a abrasión ata deixar un suco homoxéneo e carente de impurezas.



Figura 18. Desviación apreciada na combinación circular do panel do Regueiro, Anllo-Sober.

---

A realización das coviñas é semellante, pero estas son moito máis regulares que os anteriores; isto débese, fundamentalmente, a que a abrasión final se realizaba de maneira rotativa, xirando o útil e limando ao mesmo tempo todas as imperfeccións da semiesfera.

Os lugares para o abastecemento de ferramentas líticas poderían atoparse nos arredores dos sitios, posto que en Proendos, Regueiro, etc. é frecuente atopar abundantes pezas de cuarzo, material apto para a realización dos gravados, como apuntan algúns autores (Rodríguez *et alii* 2011; González Aguiar 2019). Tamén a presenza de cantos rodados, como no caso de Pena Forcada, é salientable. Ambos materiais, modificados ou non, son apropiados para ser empregados como percusor ou abrasivo, só hai que buscar a forma axeitada para a tarefa que se quere desenvolver. De feito, varios traballos experimentais demostraron dita hipótese (González Aguiar 2019).

## Conclusións

Os gravados analizados na área lucense manifestan que os distintos poboadores fixeron un uso do territorio prolongado durante miles de anos. As primeiras manifestacións que atopamos en torno aos petróglifos son os túmulos neolíticos, cuxa presenza marca un fito no territorio. Pouco a pouco, estas últimas, comezan a dominar a paisaxe, facendo patente a presenza antrópica no territorio que as circunda.

As insculturas rupestres comezan a demarcar os diferentes lugares, principalmente en zonas nas que se garante a abundancia de auga, como as brañas, lugares próximos a regatos, ríos etc. Outro factor determinante á hora de realizar petróglifos nun determinado territorio sería a súa visibilidade. A maioría das zonas estudadas contan cun amplo dominio visual; son cimas de monte ou ladeiras dende as que se observan os accidentes xeográficos máis destacados, como os ríos (Miño e Sil) e as serras (Faro, Farelo, etc.). Esa busca de control tamén se manifestaría entre os distintos soportes rochosos, como é o caso de Campo da Uz (Antas de Ulla), onde a maioría dos paneis se atopan conectados de maneira visual entre eles, principalmente os batolitos que destacan no territorio.

Os paneis elixidos na Prehistoria, as veces, tamén se empregan para dispoñer motivos históricos. Os gravados do Regueiro (Anllo-Sober) sérvense das vetas naturais da rocha de xisto para usalas como marco separador de dúas épocas. No sector sur dispóñense cruces de tipoloxía variada: gregas, latinas e inscritas en círculo. No oposto, as combinacións de círculos concéntricos, coviñas e reticulados prehistóricos. Pola contra, en Laxe Ferrada de Campo da Uz (Areas-Antas de Ulla) os motivos históricos e prehistóricos comparten o mesmo espazo sen ningún marco divisorio. De feito, algunhas representacións contan con gravados diacrónicos; como mostra a colocación dun paxaro, de factura histórica, sobre unha combinación circular. Neste caso podemos observar a integración de dous momentos cronolóxicos e de dous estilos, abstracto e naturalista, nun mesmo panel.

Finalmente, atopamos os denominados gravados de

“termo”, cuxa maioría pertence ao período medieval, como é o caso da *phi* de Proendos. O soporte de Pena Forcada atópase ao carón dun vieiro medieval e moi preto dos límites entre dúas parroquias, Pantón e Siós. Os motivos son coviñas, cuxa preservación no tempo fai difícil datalas. Semella que os gravados foron realizados con útiles pétreos, non metálicos, o cal poden sinalar un marco prehistórico que se conservaría ata a actualidade.

Por todo o exposto, deducimos que todas as representacións, prehistóricas e históricas, se dispoñen no espazo cunha finalidade semellante, a de controlar, cercar ou delimitar dito territorio.

### Agradecementos

Aproveito este espazo para agradecer a Ignacio Senín (Barri), do Servizo de Arqueoloxía de Lugo, e a Asociación Cultural Colado do Vento de Sober, a axuda facilitada ao longo destes anos de investigación; a Alex Negreira (Colectivo A Rula) e a Carlos Rodríguez por cederme varias das súas reproducións, algunhas das cales están presentes neste artigo; e a Isaac Ferreiro polas horas invertidas na lectura dos textos.

### Bibliografía

ÁLVAREZ, M. y FIORE, D., 1995. “Recreando imágenes: Diseño y experimentación acerca de las técnicas y los artefactos para realizar grabados de arte rupestre”, *Cuadernos Del Instituto Nacional De Antropología y Pensamiento Latinoamericano* 16: 215-39.

ÁLVAREZ, M., FIORE, D., FAVRET, E., GUERRA, R., 1999. “El uso de artefactos líticos para la ejecución de grabados rupestres: Observación y análisis de los rastros de utilización mediante las técnicas de microscopía óptica”, *Actas XII Congreso Nacional de Arqueología Argentina*, La Plata.

BERENQUER, J. 1987: “Problemas con la definición de sitio arqueológico”, Conejo, L. Gallardo, F. y Suárez, L., *Arqueología y ciencia, Segundas jornadas*, Museo Nacional de Historia Natural, Santiago de Chile, pp. 61-80.

BUENO RAMÍREZ, P. y BALBÍN-BEHRMANN, R. 2000: “Arte megalítico versus megalitismo: origen del sistema decorativo megalítico”, *Trabalhos de Arqueologia* 16, pp. 283-302.

BRADLEY, R., FÁBREGAS, R., 1996, “Petroglifos gallegos y arte esquemático. Una propuesta de trabajo”, *Complutum Extra*, 6(II), pp. 103-110.

-2009: *Image and Audience. Rethinking Prehistory Art*, Oxford University Press, Oxford.

BRADLEY, R., CRIADO, F. e FÁBREGAS, R., 1984. “Rock art research as landscape archaeology: A pilot study in Galicia”, *World Archaeology* 25 (3): 374-90.

CARRÉ ALVARELLLOS, L., 1949. “Piedra con inculturas en Espasante”, *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y artísticos de Lugo*, III, 31-32, Lugo, pp. 283-289.

CARRERA MARTÍNEZ, F., COSTAS GOBERNA, F.J., PEÑA SANTOS, A., 2002. *Grabados rupestres en Galicia. Características generales y problemática de su gestión y conservación*, Diputación provincial de Pontevedra.

- 
- CERNADAS SANDE, José, 2007. *Gravados rupestres nos montes de Carnota*. Vagaceiro. 1ª ed. Santa Comba A Coruña: Tres Ctres Editores.
- COSTAS GOBERNA, F. J. e HIDALGO CUÑARRO, J. M., 1998. *Reflexiones sobre el arte rupestre prehistórico de Galicia*. Serie Arqueología divulgativa. Vol. 4. Vigo, España: Asociación Arqueológica Viguesa.
- COSTAS GOBERNA, F. J., NOVOA ÁLVAREZ, P. e ALBO MORÁN, J.M., 1993/94. "Los grabados rupestres de Pena dos Chaos y Pena da Moura en San Fiz de Amarante (Antas de Ulla, Lugo). *Brigantium* 8: 263-73.
- CRiado, F. et alii, 2016. *Atlas arqueolóxico da paisaxe galega*, Vigo, Edicións Xerais.
- CRiado, F., 1999. *Del terreno al espacio: Planteamientos y perspectivas para la arqueología del paisaje*, ed. Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje. Vol. 6. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- FÁBREGAS, R., 2001. *Los petroglifos y su contexto: un ejemplo de la Galicia meridional*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses (Fundación ProVigo).
- FÁBREGAS, R. et alii, 2005. "Descuberta de gravados rupestres na comarca do Deza: avance preliminar", *Descubriendo. Anuario de Estudios e Investigación de Deza* 7, pp. 253-270.
- FÁBREGAS VALCARCE, R. y RODRÍGUEZ RELLÁN, C. 2008: "Gestión del cuarzo y la pizarra en el Calcolítico peninsular: el "santuario" de El Pedroso (Trabazos de Aliste, Zamora)", *Trabajos de Prehistoria* 65, 1, pp. 125-142.
- 2012: "A media luz. Grabados de la prehistoria reciente en abrigos galaicos", *Trabajos de Prehistoria* 69, pp. 80-102.
- FERRO COUSELO, X., 1952. *Los petroglifos de término y las insculturas rupestres de Galicia*, Ourense.
- GARCÍA MARTÍNEZ, M. C., 1969-1970. "Sobre la tipología de los grabados rupestres lucenses", *Boletín de la Comisión de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, VIII, 71-74, Lugo, pp. 250-259.
- GONZÁLEZ AGUIAR, B., 2011. "Grabados rupestres en el sur de la provincia de Lugo", *Espacio, Tiempo y Forma. Serie I, Prehistoria y Arqueología* 4: 123-140.
- 2019. *Los grabados rupestres del suroeste de Lugo. Análisis tecnológico* (Tesis doctoral), Universidad Nacional de Educación a Distancia, Madrid.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, F. e MERINO OCTAVIO, M. V., 1974. *Hallazgos de pinturas y grabados rupestres en la zona de Albarracín*. Teruel: Editorial Lucha.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., 1976. "Petroglifos da provincia de Lugo", *Boletín Auriense*, VI, 1976, pp. 57-66.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., 1969, "Estación de arte rupestre do Incio", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXIV, pp. 7-14.
- ORTIZ SANZ, J., GIL DOCAMPO, M., MEIJIDE CAMESELLE, G., MARTÍNEZ ROGRÍGUEZ, S. e REGO MARTÍN, Mª. T., 2011, "Modelado 3D de una estación completa de petroglifos mediante escáner fotogramétrico de bajo coste: Pena de Chaos (Antas de Ulla)", *Férvedes* 7, 115-120.
- PEÑA SANTOS, A. e VÁZQUEZ VARELA, J. M., 1996, "Petroglifos gallegos: grabados rupestres prehistóricos al aire libre en Galicia", en *Cuadernos del Seminario de Estudios Cerámicos de Sargadelos*, 30.
- PEÑA SANTOS, A., 2003. *Galicia. Prehistoria, castrexo e primeira romanización*, Vigo.
- RODRÍGUEZ RELLÁN, C., LOMBERA HERMIDA, A. e FÁBREGAS VALCARCE, R., 2011, "El sílex durante la prehistoria reciente del NO de la Península Ibérica", en J.F. Gibaja, X. Terradas, A. Palomo, X. Clop (Eds.) *Les grans fulles de sílex. Europa al final de la Prehistòria*. Actes. Monografies, 13, Museu d'Arqueologia de Catalunya, Barcelona: 69-74.

RODRÍGUEZ RELLÁN, C., GORGOSO LÓPEZ, L. e FÁBREGAS VALCARCE, R., 2008. "O conxunto de petroglifos de Campo da Uz (Santa María de Areas, chantada) e as vías de tránsito cara o interior lucense", *Gallaecia* 27: 35-61.

SANTOS ESTÉVEZ, M. e TRONCOSO MELÉNDEZ, A., 2005. *Reflexiones sobre arte rupestre, paisaje, forma y contenido*. Tapa. Vol. 33. Santiago de Compostela: Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, CSIC: Xunta de Galicia.

SANTOS ESTÉVEZ, M., 1999. "Arte rupestre e construción dos territorios na Idade do Bronce en Galicia", *Gallaecia*, 18, pp. 103-118.

VALENZUELA, D., 2012: "Decisiones tecnológicas, conocimiento tecnológico y paisaje en los grabados rupestres del valle de Lluta. Valles occidentales. Norte de Chile", *Actas del XVIII Congreso Nacional de Arqueología Chilena*, Sociedad Chilena de Arqueología-Universidad de Chile, Chile, 207-216.

VILLOCH VÁZQUEZ, V., 1995. "Monumentos y petroglifos: la construcción del espacio en las sociedades constructoras de túmulos del Noroeste peninsular", *Trabajos de Prehistoria*, 52, nº1, 39-55.